

Xuntas e combativas contra a violencia patriarcal

Publicación
online en
issuu.com



25 novembro 2018

Día Internacional para
a Eliminación da Violencia
Contra as Mulleres

Propostas Didácticas



CONFEDERACIÓN
INTERSINDICAL
Organización de Mulleres



Asemblea
de Mulleres

índice

Manifesto do 25 de novembro de la Asemblea de Mulleres do STEG.	Páx. 3
Xustificación e obxectivos	Páx. 5
Educación Infantil	Pág. 7
Educación Primaria. Alumnado de 6 a 9 anos.	Pág. 8
Educación Primaria. Alumnado de 9 a 12 anos.	Pág. 9
Educación Secundaria e Bacharelato Alumnado de 12 a 15 anos.	Pág. 10
Educación Secundaria e Bacharelato Alumnado de 15 a 18 anos.	Pág. 12
Educación de persoas adultas	Pág. 15
Actividades en inglés.	Pág. 15
Actividades en portugués.	Pág. 16
Actividades en alemán.	Pág. 17
Recursos e materiais.	Pág. 20
Táboa de feminicidios.	Pág. 22

25 de Novembro 2018

Propostas Didácticas



STES INTERSINDICAL
Organización de Mujeres

Elaboración e Coordinación:

Organización de Mujeres de STES-i, Organización de Mujeres de Confederación Intersindical, Área de Publicaciones de la Confederación Intersindical e Asemblea de Mulleres do STEG

Portada, deseño e maquetación:

Mario Padilla Fernández. Área de Publicaciones de la Confederación Intersindical.

Tradución: Xosé Vieito e Pía Outeiriño

Edición e Distribución:

Asemblea de Mulleres do STEG.

Correos electrónico: www.steg.gal

Colaboraron na elaboración destas propostas didácticas:

Loly Verde Trujillo, Inma Ortells Rodríguez, Sandra Serra Teruel, Laura Conde Rubio, M^a Carmen Gil Robles, Ana Moreno Vaquero, Patricia Ruiloba Gutierrez, Mario Padilla Fernández, María Luz González Rodríguez e Pía Outeiriño

Esta publicación ou calquera parte dela pódese reproducir e distribuir libremente, aínda que nos gustaría que nos citáades.



25novembro2018

xuntas e
combativas
contra a
violencia
patriarcal

25 de Novembro de 2018

Día Internacional para a Eliminación da Violencia Contra as Mulleres

Manifesto da Asemblea de Mulleres do STEG

Xuntas e combativas contra a violencia patriarcal

Desde a Asemblea de Mulleres do STEG un ano mais temos que conmemorar o 25 de novembro e lembrar ao mundo enteiro que a violencia cara ás mulleres non cesa.

Desde que se recollen datos relativos ás mulleres vítimas de terrorismo machista foron asasinadas 950 mulleres. No que vai do ano 2018 foron asasinadas 39 mulleres, sen contabilizar aquelas mulleres asasinadas fóra das relacións de parella, neste caso o número ascende a 77, e é alarmante o crecemento de asasinatos de menores polos seus pais: 8 nenos e 2 nenos coa única intención de facer o maior dano posible á súa parella ou exparella. Estes datos están recollidos con data do 5 de outubro (<https://feminicidio.net/>).

Posiblemente neste momento xa aumentou o número de vítimas, pois o terrorismo machista non cesa e semella non ser o suficientemente

importante na sociedade: nas estatísticas do CIS sobre os principais problemas en España, a violencia cara as mulleres ocupa o posto 18 <https://goo.gl/sj6iAQ> Cal é a orixe desta falta de preocupación? A orixe está nunha sociedade patriarcal onde o home, polo simple feito de ser home, nace cuns privilexios que as mulleres non acadaremos sen unha gran loita e unha gran revolución. Aínda é común na sociedade a percepción de que a violencia cara ás mulleres nas relacións de parella é algo privado e que non debemos meternos. Tamén está socialmente instaurada a idea de que a muller pasa a ser “dependente” do marido en canto comezan relacións de parella. Os estereotipos patriarcais están tan enraizados que ás veces semella imposible que poidan ser erradicados.

O único camiño para eliminar a violencia machista é un cambio social onde as mulleres teñamos os mesmos dereitos e sexamos consideradas cidadás de primeira, como os homes. Unha sociedade onde non sexa necesario falar de cotas para que as mulleres asuman postos de responsabilidade nas empresas. Unha sociedade onde non se cuestione continuamente a valía das mulleres e onde non se someta a escrutinio o noso aspecto físico. Unha sociedade onde os roles sexistas desaparezan. Unha sociedade onde a xustiza patriarcal non exista e nos sintamos realmente protexidas. Como van denunciar as mulleres que sofren algunha violencia machista se as persoas que teñen a obriga que protexelas por careceren de formación de xénero as tratan como culpables e non como vítimas?

As mulleres estamos fartas de ser cidadás de segunda, estamos fartas de que non se nos teña en conta e non se nos valore, estamos fartas de estar sempre cuestionadas e continuamente examinadas. Por iso estamos a tomar as rúas e estémonos facendo oír, estamos a aliarnos porque sabemos que xuntas somos máis fortes. Saímos á rúa o pasado 8 de marzo para demostrar que sen nós o mundo para. Ocupamos as rúas para denunciar a xustiza patriarcal



Xuntas e combativas contra a violencia patriarcal

en casos como o “da manada” ou “ Juana Rivas”, estamos vixiantes e denunciemos todos e cada un dos casos de violencia que sufrimos as mulleres.

O movemento feminista chegou para cambiar esta sociedade e non desistiremos no noso empeño ata que o consigamos. Somos mulleres e estamos afeitas a loitar para acadar o noso lugar no mundo e así seguiremos. Non estamos soas, somos moitas. Non esquezamos ás compañeiras arxentinas que seguen na súa loita por conseguir un abortolibre, seguro e gratuíto, e que conseguiron apoios de mulleres de todas as partes do mundo.

Queremos que as violencias machistas sexan consideradas un problema social importante. Aí é onde as compañeiras xornalistas teñen

un papel relevante, dando perspectiva de xénero a todas as noticias e denunciando aquelas situacións que vaian contra os dereitos das mulleres. Mulleres deportistas, xuristas, universitarias... tamén alzan a súa voz e denuncian o machismo. Porque é fundamental facer ver o problema para darlle solucións e concienciar a sociedade. É fundamental esixir formación en igualdade nos centros educativos para evitar transmitir estereotipos sexistas, así como unha formación en feminismo para todas as persoas que interveñen con mulleres vítimas de violencias machistas.

Por iso, desde a Asemblea de Mulleres do STEG dicimos alto e forte que:

As mulleres xuntas e combativas acabaremos coa violencia patriarcal!!!

*25 de noviembre de 2018
Asemblea de Mulleres do STEG*

**xuntas e
combativas
contra a
violencia
patriarcal**

25novembro2018

25 de novembro de 2018 | Proposta de actividades

XUNTAS E COMBATIVAS CONTRA A VIOLENCIA PATRIARCAL.

Xustificación:

A Asemblea de Mulleres do STEG, outro 25 de novembro máis, Día Internacional para a Eliminación da Violencia Contra as Mulleres, fai un chamamento a todos os axentes da comunidade educativa invocando a transcendencia e magnitude que a educación supón para erradicar unha das maiores e máis perniciosas lacras en todas as partes do planeta: **a violencia que se exerce cara ás mulleres**. Esta violencia que se produce en todos os ámbitos da sociedade. De maneira explícita a través dos malos tratos, os feminicidios, a explotación e tráfico con fins sexuais, nos conflitos armados ou no acoso sexual; e de maneira simbólica a través dos medios de comunicación, a violencia desculpada nas tradicións culturais e relixiosas ou a violencia institucional tolerada e silenciada.

Con esta finalidade dirixímonos a vós, alumnado, profesionais da docencia e da orientación nos centros, e ofrecémosvos esta nova contribución á tarefa educativa mediante esta proposta didáctica con actividades para traballar na aula, estruturada para todos os niveis educativos desde Infantil ata Persoas Adultas.

Con estes materiais pretendemos contribuír a configurar un currículo non sexista, onde se supere a histórica invisibilidade das mulleres e onde se ensine e se aprenda a construír a igualdade entre mulleres e homes, achegando materiais e estratexias que permitan detectar e combater situacións e condutas que conducen á violencia contra as mulleres, ao mesmo tempo que fomentar cambios cognitivos, emocionais e de actitude que permitan construír unha convivencia entre todas as persoas rexida polos principios de xustiza social, equidade, e igualdade.

Apostamos por unha formación de todas as persoas que traballan con mulleres vítimas de violencia machista: traballadoras sociais, poder xudicial, policía, etc porque é necesario que estas mulleres reciban o apoio que necesitan e así evitar as situacións de desprotección que ocorreron.

Ante a violencia institucional, xustiza para todas.

Contidos:


- Formas de violencia contra as mulleres.
- Roles e estereotipos sociais que contribúen á vio-

lencia contra as mulleres.

- Novas tecnoloxías e redes sociais como instrumentos para exercer violencia contra as mulleres.
- Violencia simbólica: os canons de beleza feminina, publicidade e os medios de comunicación.
- Prevención de violencia de xénero a través da educación en igualdade.
- Consecuencias da desigualdade de xénero na nosa sociedade.
- Linguaxe sexista.
- Micromachismos: a sutileza das novas formas de violencia.
- Violencia institucional, mecanismos para a súa detección.

OBXECTIVOS:

- Educar en igualdade como instrumento para previr todo tipo de violencia cara ás mulleres, potenciando actitudes de respecto cara ao feminino.
- Definir, visualizar e identificar todas as formas de violencia que se exercen sobre as nenas e mulleres.
- Desenvolver un espírito crítico ante os costumes, crenzas e prácticas sociais lexitimadas pero que implican violencia contra as mulleres.
- Dotar de estratexias que permitan detectar as actitudes violentas e os rumos sexistas cara ás mulleres nas contornas máis próximas: familia, amizades, centros educativos...
- Reflexionar criticamente sobre todos aqueles mitos que minimizan o problema da violencia de xénero.
- Reflexionar sobre a desigualdade e disimetría entre sexos no ámbito social, laboral e económico como causa da violencia de xénero.
- Coñecer os mecanismos e protocolos de actuación ante a violencia machista.
- Detectar a linguaxe sexista máis agresiva nos medios de comunicación, libros de texto, música, arte, etc, e desenvolver estratexias de modificación desta linguaxe sexista.
- Detectar a violencia simbólica que se exerce socialmente contra as mulleres, e desenvolver unha actitude de rexeitamento fronte a ela.
- Reflexionar sobre as novas formas de violencia cara ás mulleres a través das redes sociais.
- Recoñecer a violencia de xénero como un problema social que nos afecta todas e todos e desenvolver actitudes de loita activa contra cara a esta vio-



lencia.

- Adquirir unha imaxe axustada de cada quen co fin último de manter unha autoestima axeitada.
- Concienciar ao alumnado para compartir e asumir responsabilidades, familiares e sociais, de forma conxunta evitando estereotipos sexistas.

Metodoloxía:

Ao longo da Unidade Didáctica utilizaremos unha metodoloxía activa e participativa que propicie no noso alumnado, por unha banda cambios nas actitudes individuais, nos seus coñecementos e as súas habilidades para eliminar as ideas erróneas que subxacen no fenómeno da violencia de xénero, e por outra banda que o capacite con estratexias para detectar e recoñecer as distintas formas de violencia cara ás mulleres e os posibles casos de malos tratos que atopen ao seu ao redor.

Así pois a presente UD fai uso de técnicas que promoven o cambio nas ideas previas do alumnado, a través do cotexo con todo tipo de fontes documentais, escritas, visuais, musicais así como coa opinión dos seus iguais, sendo esta técnica, sobre todo na Educación Secundaria, unha das máis eficaces para afianzar o proceso de ensino-aprendizaxe, dada a elevada receptividade do alumnado adolescente a seren educado polos seus iguais.

Entre as técnicas utilizas destacamos os grupos de discusión, xogos, role play, escritura creativa, análise de documentos, películas, cancións, debate en grupo. As actividades que elaboramos traballanse unhas de maneira individual, buscando a reflexión persoal, e outras de maneira cooperativa, propiciando a participación e o debate de alumnas e alumnos potenciando en ambos os tipos de actividades a sensibilización ante este importante problema e a concienciación para unha participación activa na súa erradicación.

Criterios de avaliación:

A proposta que presentamos non corresponden cunha unidade didáctica ao uso, e por tanto non pretendemos unha avaliación disciplinada da mesma. Con todo concluíríamos con éxito os nosos obxectivos se ao

finalizar o alumnado:

- Mostra actitudes de respecto cara ás demais persoas sen ningún tipo de discriminación por razón de xénero.
- Recoñece e deferencia as distintas formas de violencia cara ás mulleres e nenas na súa contorna próxima.
- Mostra unha actitude crítica ante accións ou fenómenos que supoñen discriminación ou violencia cara ás mulleres nos costumes, crenzas e prácticas sociais habituais.
- Coñece e utiliza estratexias para detectar e erradicar actitudes violentas e machistas nas contornas máis próximas, familia, amizades, centros educativos.
- Detecta e mostra rexeitamento cara a aqueles mitos que minimizan o problema da violencia de xénero (superioridade “natural” do home, o amor pódeolo todo, compatibilidade entre amor e malos tratos, o amor require entrega total e perda de intimidade, o amor é posesión e exclusividade etc)
- Identifica as desigualdades entre sexos no ámbito social, laboral e económico como causa da violencia de xénero.
- Coñece e sabe poñer en práctica os mecanismos e protocolos de denuncia das actitudes violentas cara ás mulleres.
- Detecta usos sexistas da linguaxe en distintos medios e utiliza estratexias para corrixilos.
- É capaz de detectar as distintas manifestacións de violencia simbólica cara ás mulleres, e mostra rexeitamento fronte a elas.
- Considera a violencia de xénero como un problema e implícase activamente na súa eliminación.
- Adquire unha imaxe axustada á súa propia existencia, pero en igualdade coa doutras persoas.
- Adquirir unha imaxe axustada de cada cal co fin último de manter unha autoestima adecuada.
- Comparte e asume a corresponsabilidade evitando estereotipos sexistas.



SEGUNDA actividade.

1ª- O profesorado coloca na encerado carteis con persoas pelexándose ou discutindo e outros axudándose e abrazándose. Xerar unha conversa partindo da pregunta : Como nos sentimos mellor ante unha imaxe ou ante a outra ? A partir de aí, buscar propostas para sentírmolos mellor e poder axudarnos.

2ª- De seguido, acórdanse actuacións como ser amable, axudar a outras persoas... Tanto os acordos e como levalos a cabo, débuxase por grupos para telos presente nun mural.




Portada do conto de Santi Balmes (2011). En YouTube:
<https://www.youtube.com/watch?v=WMIZikRpNyl>

PRIMEIRA actividade.

1ª- Unha vez que o alumnado está sentado en círculo, a profesora ou profesor dará unha pelota a quen estea á súa dereita indicando que hai que pasala á nena ou neno que desexe dicindo :teño medo deIrase anotando no encerado o que se vaia dicindo. Ao final da rolda, lerase o que dixeron e cada cal debuxará o que máis medo lle dá. Exporémolos e entre todo o grupo veremos a forma de axudarnos mutuamente para superar esa emoción.

2ª- Como continuación a toque de tambor camiñaran pola aula e ao cesar a música, abrazaranse con quen teñan en fronte. Despois abrazaranse en grupo dicindo "Fora medo!".

Nota :A actividade pódese ampliar e complicar segundo sexa a idade. Engadindo elementos de diálogo como :Senten os mesmos medos as nenas que os nenos?. Traballo por grupos, escribindo carteis ou facendo a lista dos medos entre eles e elas, etc.




Educación Primaria

Actividades para alumnado de 6 a 9 anos.



ComoCoeducamos
Web para la Igualdad y la Coeducación de las AMPAs de Cúllar Vega



Actividade: Libres e con decisión.

1. Facemos unha asemblea onde comentemos certos termos relacionados co patriarcado, estereotipos, roles de xénero, o papel das mulleres en casa...



2. Lese o conto de Arturo e Clementina de Adela Turin e Nella Bosnia, publicado pola editorial Kalandraka. Nós aconsellamos adquirir o libro, pero é posible tamén visionalo a través desta ligazón. <http://comocoeducamos.blogspot.com/search/label/Arturo+y+Clementina>. Nesta web atoparás recursos sobre o conto: vídeos, presentacións, guía e propostas didácticas, etc

3.3. Dáselle a cada nena ou neno unha silueta de dúas tartarugas. Coméntase ás nenas e nenos que as coloreen e as decoren segundo sexan Arturo e Clementina, e pegaranlle paus de petiscos morunos detrás. Falaremos con elas e eles sobre as diferentes marcas de xénero, que non respectan á persoa que hai detrás, nin as identidades propias.

4. Debuxarán os diferentes elementos que Arturo pon na cuncha de Clementina. A estes elementos colocáremoslle velcro na parte traseira. Preguntarémolles: Que significan estes obxectos? Lémbranos a algo?

5. Cunha lanterna e proxectando sombras chinesas nun fondo claro, representaremos o conto.

xuntas e
combativas
contra a
violencia
patriarcal



25novembro2018

PRIMEIRA actividade.

Lectura colectiva do conto "En un lugar del bosque verde" (conto para introducir nas clases de Educación Primaria o tema da violencia de xénero). É un dos catro contos que compoñen o libro da autora María Domínguez, da editorial *Hilo de emociones*, "A PAPÁ LE ASUSTAN LAS TORMENTAS"

Tras a lectura coméntase co alumnado da clase e dan a súa opinión sobre a historia. Poden contestar ás seguintes preguntas:

1. Por qué cres que ao oso Patoso non lle gustaba que a osa Golosa fose ao bosque?
 2. Está ben que o oso Patoso lle diga á osa o que debe facer?
 3. Se a osa Golosa seguira co oso Patoso, tería sido feliz?
 4. Cres que fixo ben marchándose a osa Golosa? Por que?
- Despois, cada neno ou nena escribirlle unha carta á osa ou ao oso dicíndolle o que opinan sobre a súa actitude.

Educación Primaria

Actividades para alumnado de 9 a 12 anos.

SEGUNDA actividade.

VIÑETA 1: o alumnado dividirase en tres grupos e cada un deles analizará as respostas e buscará outras situacións que completen cada unha das definicións. No encerado dixital irán escribindo as súas respostas baixo cada viñeta para ofrecer máis información. Podémoslles facer preguntas que orixinen posteriores debates como: é violencia de xénero se un home mata á súa filla?




VIÑETA 2: Coñeces algún caso en que ocorra esta situación? Pensades que é violencia de xénero? Que farías ti?



VIÑETA 1 extraída da Escaleira da Violencia de Xénero de Carmen Ruiz Repullo

<https://mejordibujamelo.wordpress.com/category/en-el-aula/>

Autor: Ramón Besonías



Educación Secundaria e Bacharelato

Alumnado de 12 a 15 anos

- A seguir, crearanse pequenos grupos, de cinco ou seis persoas, onde comentarán que lles pareceu o vídeo, coñecen a alguén a quen lle pasou algún dos supostos que nel se relatan?
- A/o docente proxectará na pantalla a imaxe da escaleira de violencia de xénero.
- En que chanzo aparece a violencia de xénero?
- Que é a violencia de control? -pensades que o control da localización, a forma de vestir, as amizades, é violencia de control?, -exércena por igual mozos e mozas? -por que pensades que

PRIMEIRA actividade.

OBXECTIVOS:

- Sensibilizar ao alumnado ante a violencia de xénero.
- Desvelar os estereotipos culturais-sexistas existentes nas relacións.
- Desmitificar a idea de "amor romántico".
- Desenvolver a cultura da igualdade nas diferentes relacións humanas, no centro educativo e fóra del.
- Adquirir unha imaxe axustada de cada un/ha coa finalidade de manter unha autoestima adecuada.

MATERIAL:

- Ver o vídeo. Pepa e Pepe. A escaleira cíclica da violencia de xénero na adolescencia
- Material da aula: computador, proxector, internet, encerado, xiz ou rotulador...
- Material funxible


PERIODIZACIÓN:

1 ou 2 sesións. Entre unha e outra sesión pódese deixar tempo para que na casa, na Internet, busquen información sobre os termos utilizados (violencia de control, mito do amor romántico...) e preparar o debate final.

METODOLOXÍA:

- Dinámica e participativa.
- O grupo clase verá o vídeo sobre Pepa e Pepe. A **escaleira cíclica da violencia de xénero na adolescencia**, a través da seguinte ligazón: <https://www.youtube.com/watch?v=lpaabDdQN08> (desde os 44 segundos até os 9 minutos 13 segundos). Forma parte do relatorio de **Carmen Ruiz Repullo, Graduando violencias cotiás**. Ela é socióloga e realiza obradoiros en institutos para abordar a violencia machista cos adolescentes.

ESCALERA DE LA VIOLENCIA



isto é así?

- A violencia de control é violencia de xénero? por que?
- Cal é o mito do amor romántico? É beneficioso ou prexudicial nunha relación de parella? Por que?
- Contesta se son verdadeiras ou falsas, as seguintes suposicións:
 - * Se non me pega, non é violencia de xénero.
 - * Chámame acotío porque se preocupa por min.
 - * Nunha relación de parella, as dúas persoas son libres e poden facer cousas por separado.
 - * Non pode vivir sen min.
 - * A persoa que che quere non che corta as ás. Deixa que te vistas como queiras e que vaías con quen che dea a gana.
 - * Contrólame a localización para comprobar que chegue ben a casa.
 - * Non me pide os meus contrasinais das redes sociais porque confía en min plenamente.
 - * As relacións sexuais deben producirse cando lles apeteza aos dous membros da parella.
- * Quere o mellor para min, por iso me di como debo facer as cousas.
- * Discutimos e pegoume e insultoume, pero logo arrepentiuse. Quéreme moito.





SEGUNDA actividade.

OBXECTIVOS:

- Sensibilizar ao alumnado ante a violencia de xénero.
- Erradicar comportamentos machistas o de violencia cara ás mozas no centro.
- Desmitificar a idea de "amor romántico".

MATERIAL:

Encerado, computador, proxeutor, pantalla ou televisión e DVD.

Material funxible: cartolina, tesoiras, pegamento, revistas, xornais.

PERIODIZACIÓN:

3-4 sesións (repartidas en datas próximas ao 25 de novembro).

METODOLOXÍA:

Para empezar veremos o seguinte videoclip, ROZALÉN La puerta violeta: https://www.youtube.com/watch?v=gYyKuLV8A_c

No seguinte enlace téis a letra da canción:
<https://www.letras.com/maria-rozalen/la-puerta-violeta/>

Despois de ver o videoclip e ler a letra da canción, preguntaremos ao grupo-clase sobre cal é o tema principal da canción.

O/a docente escribirá as diferentes ideas que vaian xurdindo sobre o tema da canción no encerado.

Xurdiu o tema da VIOLENCIA DE XÉNERO ou VIOLENCIA MACHISTA?

Que entenden eles e elas por violencia de xénero?

En grupos de 4 ou 5 persoas, buscarán información na Internet sobre os diferentes tipos de violencia de xénero ou violencia machista. Tamén buscarán exemplos nos medios de comunicación (noticias, imaxes...)

Cada grupo pódese especializar nun tipo de violencia e realizar un lapbook con toda a información solicitada (definicións, exemplos, imaxes...) que deberán explicar ao resto da clase.

Finalmente, a semana do 25 de novembro, os lapbooks serán expostos na entrada do colexio, como parte dunha campaña de sensibilización contra a violencia machista.



Educación Secundaria e Bacharelato

Alumnado de 15 a 18 anos

Actividade 1 . Que pasa coas rapazas? [Recomendada para 4 º E.S.O.]

Anexo I

Metodoloxía:

1. Divídese a clase en grupos mixtos de 4 persoas. Entrégase unha copia a cada grupo do texto que figura como Anexo I, para a súa lectura:
2. Cada grupo debe preparar unha resposta argumentada desde o punto de vista da moza insultada.
3. Cada grupo representará a escena para o resto da clase: tres serán as persoas encargadas de criticar á compañeira pola súa indumentaria, e unha deberá representar á moza insultada utilizando os argumentos que todo o grupo desenvolveu previamente.
4. Finalizadas as representacións, cada grupo debe valorar as respostas dadas en por si e polos demais, segundo lles parecen mellor ou peor argumentadas.
5. De quen pensades que proviñan os insultos; de compañeiros, de compañeiras ou de ambas as partes?. Faise recuento das opinións que culpan aos mozos e ás mozas e, a continuación, pregúntase o motivo desta crenza: por que cren que foron os mozos quen a insultaron, ou por que cren que foron as mozas.
6. Finalmente, desvélese á clase a situación tal e como aconteceu realmente: a profesora ou profesor le o contido íntegro da carta que a protagonista real destes feitos escribiu no Facebook do seu pai en resposta aos seus atacantes:

ANEXO I

4 de xuño de 2018 e aínda hai machismos

Hoxe decidín que para ir ao instituto me poría unha das miñas camisetas favoritas. Unha que deixaba un pequeno anaco da miña barriga ao descuberto. Tamén me puxen un pantalón curto. 13 anos e os comentarios que recibín foron:

- Por que es tan porca?
- Non ensinas demasiado?
- Na miña opinión, non deberías ir así vestida.
- A túa nai sabe que vas así vestida ao instituto?

E, á parte disto, tiveron que aguantar que na miña cadeira escriban "PUTILLA".

Foto da moza vestida como o día que foi insultada no instituto.



xuntas e
combativas
contra a
violencia
patriarcal

25novembro2018

Hoxe decidín que para ir ao instituto me poría unha das miñas camisetas favoritas. Unha que deixaba un pequeno anaco da miña barriga ao descuberto. Tamén me puxen un pantalón curto. 13 anos e os comentarios que recibín foron:

- Por que es tan porca?
- Non ensinas demasiado?
- Na miña opinión, non deberías ir así vestida.
- A túa nai sabe que vas así vestida ao instituto?

E, á parte disto, tiven que aguantar que na miña cadeira escriban "PUTILLA".

Repito: hoxe día 4 de xuño de 2018 e polo feito de ser muller e por vestir como a min me gusta vestir recibín insultos e fun tratada de "PORCA" e de "PUTA".

Todos os comentarios que describo foron de MULLERES. Pregúntome:

Non fomos nós as primeiras en pornos un lazo lila o pasado 8 de marzo?

Non fomos nós as primeiras en defender ás mulleres?

Non somos nós as que estamos en contra do machismo e loitamos pola igualdade real?

Non somos nós as que loitamos por unha sociedade sen ningunha diferenza entre xéneros?

O machismo non só é que un home pégue, viole ou maltrate verbalmente a unha muller. O machismo é tamén recibir insultos pola medida da túa vestimenta e por ser xulgada por tanta carne ensinas en opinión doutras mulleres.

E si, sodes vós os verdugos, as do lazo lila do 8 de marzo, moitas das que quedastes case sen voz gritando contra o machismo.

A sociedade nin avanza nin retrocede se nos xulgamos entre nós e as mulleres nos seguimos tratando de putas por estar con máis dun mozo e calamos que eles fixeren o mesmo. Para facer unha sociedade igual de verdade, as primeiras que teríamos que defendernos somos nós mesmas.

Comenteino na casa. Estou moi tranquila porque sei quen son as miñas amigas e quen é a xente que de verdade me quere. Non deixarei de ser quen son por unhas nenas maleducadas e curtas de entendemento que só saben abrir a boca para meterse comigo por como visto.

Tanto dá que me tratades de golfa, porca ou fresca. Sei quen e como son. Eu trataríavos coma se fosedes animais por non saber respectar a xente do voso mesmo sexo. Dádesme pena porque para sentirvos fortes tedes que andar insultando á xente pola súa maneira de vestir. E en grupo, claro. Porque só en grupo sodes fortes.

Son tan muller coma vós aínda que eu teña a

ardidez de vestir como me gusta vestir. E o día que vaiades máis curtas que de costume, non esperedes ningún tipo de insulto da miña parte. Aprendede a tratar á xente por quen e como é, nunca polo que aparentan. Que quen decide ensinar a barriga non sempre busca ligar máis e que se alguén opta por ensinar o cu, non implica que queira que llo toquen.

Ouvín miles de veces insultos e bobadas cara ás mulleres polo longo ou curto das súas pezas. A miña roupa é igual de curta que a vosa mentalidade e se aínda non aceptades que as mulleres podemos vestir como nos dá a gana, podedes regresar á idade de pedra de onde parece que saístes. Vós sodes o machismo contra o que loitamos.


